

Narrativa Un códice misterioso, un encadernador descrido e unha cidade afogada no fanatismo relixioso e a intolerancia do século XVII centran a primeira novela de Marcos S. Calveiro para o público adulto

Retorno a Compostela

Festina lente · Marcos S. Calveiro · Xerais, 2008 · 288 páx · 16,50 euros



Un pequeno códice, o códice dos lavancos, escrito nunha lingua enigmática, críptica, governa a vida dos personaxes centrais da primeira novela para o público adulto de Marcos S. Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968) durante o período histórico que vai do 1578 ao 1627, ao tempo que deita as necesarias doses de misterio e intriga para suscitaren o interese do lector ao longo das súas páxinas.

O escenario principal onde se desenvolven os acontecementos é a vella cidade de Compostela, centro relixioso e cultural de primeira magnitude e destino de peregrinos fervorosos. A acción sae fugazmente a vilas históricas da nosa xeografía –Noia, Ponte-deume, Cangas– e á cidade da Coruña, para concluír nas exóticas terras das Indias. Hai ecos, resonancias –procuradas ou azarosas– da Compostela medieval d’*A romeiría de Gelmírez* (1934) de Otero Pedrayo, relato da peripecia vital do poderoso bispo Diego Gelmírez, así como da cidade do século XVI recreada en *Xa vai o griffón no vento* (1984) de Alfredo Conde, que conta a aventura dun inquisidor.

Adivíñase unha pausada e rigorosa fase de documentación previa da que nace un texto requintado e ben armado; produto moi elaborado, feito devagar, como a paciente e coidadosa labra das pedras por parte dos mestres canteiros. A expresión latina do título –*Festina lente*, isto é, “corre amodo”–, empregada despois como colofón editorial, fálanos da paixón do autor pola lingua de Roma e funciona como lema que inspira o modo de proceder dos mestres artesáns cos que el se identifica e que debe guiar tamén calquera labor creativo.

Alén da apaixonante aventura do encadernador e bibliófilo Ambrosio Cavaleiro, que vén a Compostela desde as terras de Pontedeume para aprender o oficio e fica na cidade ao herdar o obradoiro do seu mestre Ubaldo Luaces, a novela de Calveiro recrea a existencia dos moradores composteláns sometidos aos ditados do fanatismo relixioso e a intolerancia. Páxinas brillantes retratan o vivir da cidadanía intramuros –espazos interiores, ocultos, pechados, en sentido literal e metafórico, e unha certa sensación de claustrofobia– baixo o imperio da superstición, o medo e o silencio. As reiteradas referencias ás



Sombras góticas. // Arquivo

Atrás do texto requintado e ben armado, feito devagar, como a paciente labra das pedras dos mestres canteiros, adivíñase unha pausada e rigorosa documentación

tres serpes do códice remiten ao simbolismo do mundo subterráneo, da maneira de vida oculta.

O protagonista do romance, homosexual e descrido, é a encarnación da utopía. A súa paixón por libros e códices, mapas e cartografías, é a expresión da súa vivencial procura do saber, do coñecemento, até ficar totalmente cego. Neste sentido, o amplo repertorio de referencias bibliográficas da nosa historia literaria e da universal recollidas na obra resulta tributo de recoñecemento e admiración a cantos teñen

contribuído a desvelar a verdade e acrecentar o coñecemento da humanidade, mesmo con grande risco para as súas vidas. “Ambrosio Cavaleiro comprende así que o temor a Deus e a ignorancia son os maiores inimigos da humanidade e do seu progreso, e que naqueles libros e códices dos seus andeis debe ficar a única e derradeira esperanza dos homes para loitar contra a miseria das súas vidas.” (p. 196). E aínda lle replica ao seu amigo irlandés Patricio Sinot, catedrático da Universidade de Santiago: “Só o verdadeiro coñecemento

nos poderá salvar das poutas dos nosos semellantes” (p. 228). E unha arela, a difusión e popularización do saber, materializada en orixinal escena: preto do desenlace, após a morte do encadernador, os códices e pergamiños do seu obradoiro, que ían camiño da fogueira, fican espaxados ao envorcar o carro que os transportaba; os veciños apáñanos e agáchanos nas casas.

Lucas de Pruzos, personaxe de faquía misteriosa, viaxa a miúdo aos portos da costa para mercar valiosos libros prohibidos, incluídos no Índice. Pola contra, o omnipresente e perverso Santo Oficio, cos seus representantes corruptos que non paran de cometer abusos e atropelos, representa o escurantismo e a represión, a ignorancia e o sometemento cego e mudo ás arbitrariedades e caprichos do poder. Hai unha boa carga de sarcasmo no relatorio das innúmeras reliquias de santos que se gardan nos templos de Compostela.

Paralelamente, vaise tecendo a historia da sociedade secreta dos mestres canteiros –a confraría dos lavancos–, que existe desde tempos moi afastados, personificada nos mestres de obras Arce O Vello e Mateu Lopes, cos seus axudantes, os destemidos xelmegos Bieito e Francisco Araújo. Non é casual que a acción comece no adro da fascinante igrexa de Santa María de Noia, cuxo camposanto conserva as laudas gremiais coas marcas simbólicas dos artesáns da Pedra (“Arria”), construtores da Galiza máis auténtica que ten neste material un dos seus elementos definidores. O códice dos lavancos, que contén o regulamento e as normas de conduta dos confrades, está escrito no latín ou verba dos arxinas (canteiros), unha das xergas ou xirias tradicionais de moitos oficios ambulantes. Confluencia coas sociedades dos masóns, construtores medievais de castelos e catedrais, que derivaron en comunidades de librepensamento e especulación filosófica.

Estilisticamente, *Festina lente* caracterízase por unha singular escolla lexical, con querenza por palabras e expresións con sabor arcaico e con manifesto predominio de substantivos e verbos, o que lle dá ao libro un grande dinamismo e á vez unha musicalidade fresca e suxestiva. Expresión concisa, con primacía da épica sobre a lírica. Frases e parágrafos do latín dos arxinas contribúen a acrecentar a sensación de misterio que impregna a novela. A fórmula xa fora empregada tamén polo escritor ourensán Xosé Fernández Ferreiro n’*A saga dun afiador* (1980), obra na que incorpora termos e expresións do barallete, linguaxe dos afiadores e doutras profesións ambulantes. // **Delfín Caseiro**